

Pensión Platas

Avda. de Lugo, 26

15821 Arca-o Pino (A Coruña).

Teléfono: 981 511 378

E-mail: hostalplatas@hotmail.com

Web: www.hostalplatas.es

ACCESIBILIDADE FÍSICA

Entorno Inmediato ao establecemento

- O hotel está nunha avenida chaira, con beirarrúas amplas e despexadas de obstáculos.

Acceso

- A entrada principal ten un pequeno chanzo de **5 cm** de altura.
- Accédese por unha porta de dobre folla, parcialmente acristalada e cun ancho libre de paso de **90 cm** de ancho, cada folla. Adoita permanecer sempre aberta.
- Antes e despois da porta pódese realizar un xiro de **360** en cadeira de rodas.
- Hai un timbre de chamada situado a **1,10 m** de altura e un felpudo ancorado ao chan en toda a súa superficie.

Vestíbulo e recepción

- O mostrador de atención ao público ten unha altura de **1,12 m**, non adaptada para usuarios de cadeira de rodas.

Cuarto Adaptado (Nº 110)

- N.º cuartos adaptados: **1**. Está na **1ª** planta e o itinerario é accesible utilizando o ascensor.
- A porta de entrada ten un ancho libre de paso de **80 cm**.
- No dormitorio existe un espazo libre de **1,30 m** de diámetro para facer un xiro coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é maior de **1,50 m**.
- Dispón de **2** camas, cunha altura de **55 cm** e ás que se accede por un espazo de **90 cm** de ancho entre elas.
- As portas dos armarios son corredías de doada apertura. Os andeis están situados a unha altura entre **40 e 80 cm**. O percheiro está fixo a unha altura **1,80 m** e hai un alzadeiro a **2 m**.
- O interruptor da luz e o teléfono están situados xunto á cama e os aparatos de control de temperatura están a unha altura de **1,40 m**.
- Existe un escritorio a **80 cm** de altura. Debaixo dispón dunha altura libre de **75 cm**, un ancho de **80 cm** e un fondo libre para a aproximación frontal de **38 cm**.

Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta é corrediza e ten un ancho libre de paso de **80 cm**. Dispón de ferrollo, o cal pode abrirse dende o exterior en caso de emerxencia.
- No interior existe un espazo libre de xiro de **1,50 m** de diámetro.

Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de **1,50 m** de ancho polo lado dereito e pola fronte de **83 cm**. O asento está a unha altura de **45 cm** e o mecanismo de descarga a **85 cm**.

- Ten unha barra de apoio abatible a cada lado, a unha altura de 63-83 cm.

Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de **73 cm** de alto e **10 cm** de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de **1,08 m** e o resto dos accesorios do baño están entre **85 e 90 cm**.

Ducha

- A ducha ten un espazo libre de aproximación frontal de **1,20 m**.
- O prato da ducha presenta un chanzo de **10 cm** de altura e sobre este o rail do biombo ten **6 cm** de altura. As dimensións do prato son de **1,20 m** de ancho por **73 cm** de fondo.
- O biombo é corredizo e ten un ancho libre de paso de **90 cm**.
- Dispón dun asento de ducha móbil homologado, con respaldo e regulable en altura. Tamén ten unha barra de apoio vertical na parede perpendicular á da billa.
- A billa é monomando e está situada a unha altura de **1,20 m**.

Aseo Adaptado

- Non existe unha cabina de aseo común adaptado.

ACCESIBILIDADE VISUAL

Acceso e vestíbulo

- A entrada principal ten un pequeno chanzo cuxo bordo non está sinalizado cunha franxa antiescorregadizo de cor contrastada.
- Accédese por unha porta de dobre folla, parcialmente acristalada, que xeralmente permanece sempre aberta. Antes colócase un felpudo correctamente ancorado ao chan.
- No vestíbulo o pavimento é homoxéneo, sen ocios nin resaltes e existe unha porta de vidro que aínda que permanece sempre aberta, non está sinalizada con franxas horizontais ou un logotipo en cor contrastada.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.

Cuarto estándar (Nº 204)

- O número do cuarto indícase en grandes caracteres, non teñen contraste cromático e están situados a **1,80 m** de altura.
- Existe contraste cromático entre a porta de entrada e a parede.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual. Non hai alfombras nin felpudos.
- O prato de ducha ten un chanzo e biombo corredizo.

ACCESIBILIDADE AUDITIVA

Cuarto estándar

- Existe conexión a Internet por cable e WIFI.
- A TV ten decodificador de teletexto e pode programarse como espertador.
- Hai un enchufe ao lado da cama.

Sinalización

- O hotel só dispón de rótulos que sinalan a situación dos distintos cuartos. Os rótulos seguen un mesmo patrón, están a unha altura media de **1,80 m**. A altura dos caracteres é de **8 cm**, non son de cor contrastada respecto ao fondo. Non están complementados con información en braille.

Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.
- Está permitido o acceso ao can de asistencia.

Outras estancias	Cubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Subterráneo na planta -1 e -2.	Practicable, xa que no itinerario do ascensor á praza existe un chanzo de 6 cm .	Das 10 plazas dispoñibles, ningunha está reservada para Persoas de Mobilidade Reducida (PMR).
Ascensor	Todas as plantas	Accesible	Altura dos botóns de chamada: 1,20 m . Ancho da porta: 80 cm Ancho e fondo de cabina: 95 cm e 1,20 m . Altura dos botóns de mando: entre 90 cm e 1,15 m Pasamáns: Non Espello fronte á porta: Non Chan de textura e cor distinta fronte a porta: Non Cabina con sinais sonoros: Non Botóns con números en altorrelevo: Si Botóns con números en braille: Si Botóns de cor contrastada: Non Cabina con sinais visuais: Si Botón de emerxencia cunha testemuña luminosa que confirme o rexistro da chamada: Non
Escaleira	Todas as plantas	Accesible	Hai dous tramos de escaleiras por planta con 2 relanzos por tramo de 1,08 m de fondo. Tipo de escaleira: interior N.º de chanzos por tramo: máis de 10 Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non Altura dos chanzos: 18 cm Fondo da pegada: 28 cm Con tabica: Si . Con bocel: Non Zócolo de protección lateral: Só dereito. Altura de Pasamáns(so do lado esquerdo): 1 m Oco baixo a escaleira protexido: Si